



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

VOCAIS

D. Víctor Abelleira Argibay
(Avogado polo Colexio da provincia)
Dña. M^a Jesús Novoa Suárez
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)
D. Jesús de la Fuente Villar
(Xefe do Servizo de M.I.F.)

VOCAIS REPRESENTANTES DA CMVMC DE CANDEAN, CONCELLO DE VIGO

D. Jesús Rodríguez Soto
D. Luis Castro Domínguez

SECRETARIO

D. José M^a Muíños Mayoral

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día oito de novembro do 2007, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3^a planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "Cachadiña e outros", da parroquia de Candean, do concello de Vigo.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 03/06/05, D. Xesús Rodríguez Soto, na súa condición de presidente da CMVMC de Candean, do concello de Vigo, e en representación da mesma, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación dos montes "Cachadiña e outros" como veciñais en man común para os veciños da parroquia de Candean, acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros.

SEGUNDO.- O Xurado e Montes en reunión celebrada en data 10/01/06, acordou a incoación do correspondente expediente de clasificación dos devanditos montes



TERCEIRO.- O rexistrador da propiedade Nº 2 de Vigo, certifica con data 15/12/06, que os montes solicitados non aparecen inscritos a nome de persoa algunha, aínda que coa denominación xenérica de "Cachadiña", aparecen unha serie de particulares inscritos no devandito Rexistro

CUARTO.- Á vista da documentación aportada polo solicitante e o informe do Servizo de M.I.F. os montes obxecto do presente expediente, obedecen á seguinte descrición:

CONCELLO: VIGO

PARROQUIA: CANDEAN

NOME DO MONTE: "Cachadiña"

Cabida: 3941 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Muro que separa de predios de Herdeiros de Felisa Soto e Manuel Simón Soto

Sur: Muro e camiño

Leste: Muro que separa de predios de Salvador Rouco, José Carrera Costas, Herdeiros de Ramón Carrera e Enrique Rouco Carrera

Oeste: Predios de Herdeiros de Marcelino Román Soto

Ocupacións e Servidumes:

Atópase atravesada por unha pista de 8-9 metros de ancho

NOME DO MONTE: "Cachadiña II"

Cabida: 1884 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Predios de Juan Carrera Soto

Sur: Entrada de camiño que a separa de predios de Balbina Soto Carrera

Leste: Predios de Isabel Hermida Carrera

Oeste: Camiño de Cachadiña e predios de Divina Rodríguez Soto

Ocupacións e Servidumes:

Atópase atravesada por unha pista de 8-9 metros de ancho

NOME DO MONTE: "Os Regueiros"

Cabida: 1189,94 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño e regato

Sur: Muro que a separa de predios de Aurora Rodríguez Pérez

Leste: Camiño e regato que a separa de predios de Obdulia Soto Costas, Eusebio Domínguez, Ramona Sánchez e José Román García

Oeste: Regoufa que a separa de predios de Julio Costas, Eusebio Domínguez Cabaleiro e Juana Domínguez Cabaleiro

Ocupacións e Servidumes:

De paso á vivenda existente ó SE da parcela



NOME DO MONTE: "Torreón"

Cabida: 1488 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Estrada de subida a Herminde - Vixiador

Sur: Camiño e muro de pedra que a separa de predios de Avelina Justo Formoso

Leste: Estrada de subida a Herminde - Vixiador

Oeste: Predios de Manuel García González e muro que a separa de predios de Isolina Montes

NOME DO MONTE: "Monte Pequeno"

Cabida: 3555 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Predios de Herdeiros de José Soto, Argentina Pazó Alonso, Arturo Otero e Amelia Soto e camiño do Xunco Mariño que a separa de predios de Andrés Soto

Sur: Muro de contención e terraplén sobre o camiño do Blanqueiro que a separa dos predios de Josefa Domínguez e Marina Domínguez

Leste: Predios de Julita Costas, Braulio Lago, Olivia Lago e Gloria Soto

Oeste: Predios de Alfredo Graña e Herdeiros de Josefa Barciela

NOME DO MONTE: "Fonte Escura"

Cabida: 88 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Muro

Sur: Entrada do camiño do Xaméndez que a separa de predios de José Bernárdez

Leste: Estrada da Fonte Escura

Oeste: Entrada a casa particular

QUINTO.- Realizadas as comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e particularmente a tódalas persoas que aparecían reflectidas no certificado do Rexistro da Propiedade Nº 2 de Vigo de data 15/12/06, presentan alegacións D. Jesús Costas Duarte e D. Juan A. Lumbreras Márquez

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.



Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende entender por montes veciñais en man común *"... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños"*.

Terceiro.- As alegacións de D. Jesús Costas Duarte, non procede a súa estimación xa que él mesmo explica na súas alegacións que *"... Dicha finca nada tiene que ver, salvo que tienen la misma denominación, con las que solicita la comunidad de montes de Candeán en el presente expediente, pues se trata de fincas distintas ..."*

Cuarto.- En canto as alegacións de D. Juan A. Lumbreras Márquez, tampouco procede a súa estimación por canto:

- a) Alega cuestións de titularidade, cuestións que non corresponde ó Xurado de Montes, entrar a valorar por canto o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais (Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, de 07/02/01, con cita doutras sentenzas anteriores da mesma sala do 20/03/84, 03/11/87, 18/06/91, 14/12/95, 11/04/97, 24/04/00...)
- b) Das alegacións remitidas, a parcela de D. Juan A. Lumbreras Márquez, aparentemente queda fora do solicitado pola CMVMC de Candeán (folios 209 e 210 do expediente) en referencia á parcela denominada "Monte Pequeno"

O uso en man común dos montes solicitados tense suficientemente acreditado pola documentación aportada polos solicitantes.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**


CLASIFICAR como veciñais en man común os montes denominados "Cachadiña, Cachadiña II, Os Regueiros, Torreón e Monte Pequeno", a prol dos veciños da CMVMC de Candeán, do concello de Vigo, de acordo coa descrición reflectida no feito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución



NON CLASIFICAR a parcela de monte denominada “Fonte Escura” o non existir xa a devandita parcela e renunciar a CMVMC solicitante á mesma

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





DATA : XANEIRO-2008

AUTOR : TOPOGRAFIA

ESCALA : 1/1.000

TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACION


CONCELLO : VIGO PARROQUIA : CANDEAN (S. CRISTOBO)

COMUNIDADE : CANDEAN MONTE : A CACHADIÑA I



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE
SERVIZIO DE MONTES-DELEGACION DE PONTEVEDRA



DATA : XANEIRO-2008

AUTOR : TOPOGRAFIA

ESCALA : 1/1.000

TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACION

CONCELLO : VIGO

COMUNIDADE : CANDEAN


PARROQUIA : CANDEAN (S. CRISTOBO)

MONTE : A CACHADIÑA 2



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE
SERVIZIO DE MONTE-DELEGACION DE PONTEVEDRA



DATA : XANEIRO-2008

AUTOR : TOPOGRAFIA

ESCALA : 1/1.000

TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACION

CONCELLO : VIGO

COMUNIDADE : CANDEAN


PARROQUIA : CANDEAN (S. CRISTOBO)

MONTE : REGUEIROS



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE
SERVICIO DE MONTES-DELEGACION DE PONTEVEDRA



DATA : XANEIRO-2008

AUTOR : TOPOGRAFÍA

ESCALA : 1/1.000

TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACION

CONCELLO : VIGO

COMUNIDADE : CANDEAN

PARROQUIA : CANDEAN (S. CRISTÓBO)

MONTE : O TORREÓN



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
SERVICIO DE MONTES-DELEGACION DE PONTEVEDRA



DATA : XANEIRO-2008

AUTOR : TOPOGRAFIA

ESCALA : 1/1.000

TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACION

CONCELLO : VIGO

COMUNIDADE : CANDEAN

PARROQUIA : CANDEAN (S. CRISTOBO)

MONTE : MONTE PEQUENO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE
SERVICIO DE MONTES-DELEGACION DE PONTEVEDRA